

RELIGIÓN CATÓLICA


SEMANA DEL 14- 17 DE ABRIL 2020



HOLA, HOLA, HOLA NIÑOS Y NIÑAS:

Estoy segura que al igual que yo estáis todos deseando volver al cole. Mientras haremos unas pequeñas actividades para estar entretenido

PRIMARIA: 6º COLOREAR Y RESOLVER



A Biblia é unha obra da literatura universal

Os libros da Biblia tratan unha gran diversidade de temas, expresados cunha linguaxe de gran beleza. Nela atopamos relatos, cancións, normas, parábolas, cartas, etc.

Segundo o tema que tratan os seus libros, clasifícanse en:

- **Libros históricos.** Contan feitos que aconteceron, como os dous libros de Reis, os Evanxeos, os Feitos dos Apóstolos.
- **Libros morais.** Ensinan normas de bo comportamento, como o libro dos Proverbios.
- **Libros proféticos.** Os seus protagonistas son profetas que falan en nome de Deus, como o libro de Isaías, o libro de Daniel.
- **Libros poéticos.** Expresan a fe en Deus en forma de poesías e oracións; por exemplo: o libro do Cantar dos Cantares, o dos Salmos.

A Biblia é o libro sagrado dos cristiáns

A Biblia é o libro sagrado dos cristiáns porque todos os seus autores a escribiron baixo a **inspiración de Deus** e, por iso, contén a **Palabra de Deus**. O autor da Biblia é Deus.

Tamén porque os seus libros **revelan como é Deus** a través da historia do pobo de Israel e do seu Fillo Xesús Cristo.

Descubro palabras

A **inspiración** son as ensinanzas que Deus comunicou aos autores da Biblia, por medio da oración e da fe nel.

Actividades

1 Copia o debuxo e escribe, sobre cada parte da Biblia, as respostas ás preguntas seguintes.

- A) Cantos libros a forman? B) Cando se escribiu?
C) Cantos anos tardou en escribirse? D) Que narra?

2 Le o seguinte texto e contesta.

«Ergue e vai cabo da formiga, preguiceiro, considera o seu xeito, e faite sabio:

Ela non ten xefe,

almacena o seu gran no estío,

E ti, nugallán, canto tempo vas durmir?

Apobreza chega coma un vagabundo!

e a necesidade coma un mendigo». (Proverbios 6, 6-11)

- A) A que libro pertence? En que parte da Biblia se atopa?
B) Que tema trata? Que ensinanza propón?

3 Describe a ilustración da páxina anterior. Ponlle un título.




UNIDADE 1
Relixión Católica

AV

Nome e apelidos:
Curso: Data:

1 Observa e escribe os nomes das principais relixións do mundo actual e dos seus símbolos: XUDAISMO / CRISTIANISMO / ISLAH / HINDUISMO / BUDISMO



- A)
- B)
- C)
- D)
- E)

1 Completa coas seguintes palabras:

Palabra Novo libros Antigo
Antigo Biblia

- A) O libro sagrado dos cristiáns é a, porque contén a de Deus.
- B) A Biblia é unha colección de 73 relixiosos.
- C) A Biblia está formada polo Testamento e o Testamento.

2 Escribe en cada círculo do debuxo a letra da frase que lle corresponde.

- A) O Antigo Testamento comeza co relato da Creación.
- B) O Novo Testamento comeza co nacemento de Xesús.

